

PROTOCOLO PARA A XESTIÓN DA PERDA DO DEREITO Á AVALIACIÓN CONTINUADA EN 2º DE ORDINARIO FP

O alumnado con perda do dereito á avaliación continuada no segundo curso dos ciclos medios e superiores deberá falar coas persoas titoras respectivas e co profesorado do módulo ou módulos nos que teña comunicada dita perda e acordar a realización do exame nunha única proba, ben en marzo, ben en xuño.

Unha vez tomada dita decisión a alumna ou alumno cubrirá un documento facilitado pola persoa titora no que solicite a realización do exame de cada módulo no período que desexe. Asinará o mesmo para que quede constancia escrita da súa decisión. **(Anexo)**

De suspender esta proba en marzo ou en xuño, a nota da proba será a nota final do módulo e non desfrutará de máis probas nese mesmo curso escolar.

Este alumnado non terá acceso ás clases de recuperación de marzo a xuño, tanto no caso de suspender o exame na convocatoria de marzo, posto que se tratará dun módulo pendente para o seguinte curso escolar e non para xuño, coma no caso de seleccionar facer o exame en xuño, pois non se trata dun alumnado de recuperación, senón alumnado con perda do dereito á avaliación continuada.

Normativa:

1. Artigo 4.3 da RESOLUCIÓN do 24 de xullo de 2018, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de formación profesional do sistema educativo no curso 2018/19.
2. Artigo 25.5 da ORDE do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial.
3. Indicacións enviadas o día 5 de Setembro de 2018 desde a subdirección xeral de FP a todos os centros educativos de formación profesional.

**SOLICITUDE DE REALIZACIÓN DE EXAMES PARA ALUMNADO
CON PERDA DO DEREITO Á AVALIACIÓN CONTINUADA (PD)
EN 2º DE ORDINARIO DE CICLOS DE FORMACIÓN PROFESIONAL**

Don/Dona _____ con
DNI _____ matriculada-o en 2º no ciclo formativo de
grao medio / superior de _____ no
IES Chapela no réxime ordinario, solicita a realización da súa única proba de
perda de dereito a avaliación continuada no mes de:

<input type="checkbox"/> MARZO	
MÓDULO	
MÓDULO	
MÓDULO	
MÓDULO	
MÓDULO	
MÓDULO	

<input type="checkbox"/> XUÑO	
MÓDULO	
MÓDULO	
MÓDULO	
MÓDULO	
MÓDULO	
MÓDULO	

A alumna ou alumno abaixo asinante está informado de que se trata dunha única proba e que o seu caso é tratado como perda de dereito á avaliación continuada, non de suspenso, co cal non ten acceso a clases de recuperación en caso de que elixa ir aos exames en xuño. Así mesmo é consciente de que, no caso de non superar esta proba (sexa en marzo ou en xuño), suspenderá o módulo ou módulos en cuestión quedando pendente ou pendentes para o vindeiro curso escolar.

Chapela, a ____ de _____ do 201__

Asdo.: _____